



Asistentes

Preside

Cebro Rodríguez, Xoan

Vocais

Fariza Novoa, María
Gándara Pérez, José Antonio
Pajares Domínguez, Sergio
Santos García, José Santiago

Secretaria

Romo Pérez, M^a Carmen

Acta da reunión extraordinaria da Xunta Persoal Funcionario que tivo lugar nos locais sindicais (Edificio de Fundación), o día 10 de xullo de 2009 coa seguinte orde do día:

- Aprobación, se procede, da oferta de emprego: prazas, temarios e proceso selectivo.

➤ **Aprobación, se procede, da oferta de emprego: prazas, temarios e proceso selectivo.**

Antes de comezar a tratar o punto da orde do día o Presidente informa das asembleas celebradas en Ourense e Pontevedra, indicando que o persoal dos campus está totalmente en contra da proposta de RPT presentada pola xerencia, e da súa filosofía, e solicitaron se enviara un comunicado e que se atendan as suxestións feitas polo persoal dos campus. Solicitarase unha reunión coa xerencia sobre este tema.

Empézase a tratar o punto da orde do día para acordar unha proposta que presentar á xerencia de forma conxunta para a negociación da oferta de emprego público.

- En relación ao número de prazas, o presidente manifesta que os números seguen sen cadrar, pero a Xunta de Persoal acorda aprobar a oferta de 40 prazas para auxiliar administrativo, 7 para axudantes de biblioteca e 1 para letrado.

En relación a se se deben ofertar por acceso libre ou a promoción interna, se producen unha serie de intervencións, nas que UGT precisa que deberían ser todas por libre, e de ofertarse por promoción interna deberían poder acceder a esta promoción todos os grupos inmediatamente inferiores. CCOO considera que deberíanse reservar 3 prazas para que os TEBs puideran promocionar. E CIG apoia que se oferten por acceso libre. CIG mantería o acordo de asemblea do 2003 de que todas as prazas de axudante fosen a promoción interna para o grupo C1 e B1 de administración e non para o persoal laboral por non haber acordo recíproco, pero visto o prexuízo que se lle podería causar ao persoal contratado logo de tantos anos sen oposición, a CIG considera que terían que ofertarse todas por acceso libre.

Sométese estas propostas a votación, co seguinte resultado (só nas 7 prazas de biblioteca):

- Oferta por acceso libre: 5 votos
- Oferta con promoción interna (3 prazas) para TEBs: 2 votos (CCOO)

Polo tanto acéptase a oferta, con todas as prazas por acceso libre.



Universidade de Vigo

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO
DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

En relación á valoración: a Xunta de Persoal acorda puntuar 15 sobre 100 o concurso e 85 sobre 100 a oposición.

En relación a estes 15 puntos puntuarían os seguinte méritos:

- Servizos prestados na Universidade de Vigo: 0.15 por mes traballado.
- Servizos prestados nas outras Universidades Galegas: 0.05 por mes traballado.
- Servizos prestados noutras administracións: 0.01 por mes traballado.

En relación aos 85 puntos da oposición, logo dunha serie de intervencións se procede á votación entre dúas propostas:

A CIG propón (proposta A):

- 1º exame: tipo test: 30 puntos
- 2º exame: supostos prácticos: 30 puntos
- 3ª exame: informática (so word): 10 puntos
- 4º exame: galego: 15 puntos

Proposta consensuada entre CCOO e UGT (proposta B):

- 1º exame: tipo test: 30 puntos
- 2º exame: supostos prácticos: 30 puntos
- 3ª exame: informática (so word): 15 puntos
- 4º exame: galego: 10 puntos

O resultado da votación: Proposta A: 4 votos e Proposta B: 3 votos.

Por outra banda tamén se fala de como facer o corte no primeiro exame, sen que se chegue a unha decisión concreta. Deixandoo en principio nas mans do tribunal.

En relación ao temario, en principio acórdase propor o que se achega como anexo a esta acta, pendente de negociación e do que presente a xerencia.

Non habendo mais asuntos que tratar levántase a sesión.